	TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	3ª Avaliación.	Explica a función dos elementos que compoñen unha máquina ou sistema mecánico sinxelo.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online.
	TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	3ª Avaliación.	Simula e interpreta con software específico o funcionamento de sistemas mecánicos sinxelos.	Exercicios de simulación no ordenador.
	TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	3ª Avaliación.	Deseña e fabrica un sistema mecánico sinxelo que acade unha multiplicación de forza.	Deseño e fabricación do sistema mecánico.
	TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	2ª Avaliación.	Deseña e monta circuitos eléctricos básicos en serie e paralelo.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online. Realización de prácticas de montaxe.
	TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	2ª Avaliación.	Deseña e experimenta con circuitos eléctricos básicos mediante software específico.	Exercicios de simulación no ordenador.
5	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	3ª Avaliación.	Identifica as partes fundamentais dun computador.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online.
	TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	Todas as avaliaciós.	Manexa basicamente un procesador de texto, un simulador de circuitos eléctricos e o programa scratch.	Realización de exercicios no ordenador.
	TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente	Todas as avaliaciós.	Utiliza adecuadamente o ordenador	Observación do manexo na aula e nas

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.		asignado respetando as normas de manexo.	entregas das tarefas online.
	TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	Todas as avaliacións.	Utiliza un programa de ofimática para a elaboración dun proxecto técnico sinxelo.	Realización de exercicios, tarefas, no ordenador .
	TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	3ª Avaliación.	Realiza programas moi sinxelos co programa Scratch.	Realización das aplicacións, análise da aplicacións acadadas. Realización das tarefas na aula virtual, online. Realización de probas, online.

## TERCEIRO CURSO DA ESO

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo.	• Deseño do proxecto.
	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	Todas as avaliacións.	Elabora os documentos básicos para a planificación da construción dun prototipo sinxelo.	• Planificación do proxecto.
	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións.	Fabrica un prototipo que case dá solución ao problema técnico plantexado.	• Fabricación do prototipo.
	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Todas as avaliacións.	Mantén habitualmente unha actitude de respecto aos seus compañeiros.	• Observación na aula, e no seu caso no uso das ferramentas TIC colaborativas, Foros da aula virtual, etc
2	Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	Todas as avaliacións.	Interpreta esbozos e bosquexos de produtos tecnolóxicos sinxelos.	• Realización de probas escritas, online, observación na aula.
	Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Todas as avaliacións.	Realiza debuxos simples empregando software libre de deseño gráfico.	• Elaboración da documentación do proxecto técnico. • Realización de prácticas de deseño gráfico por computador.
3	Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	Segunda avaliación.	Describe as características propias dos materiais de uso técnico máis comúns: madeira, metais e plásticos.	• Realización de probas escritas, online. • Elaboración e exposición de traballos monográficos de investigación.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	Segunda avaliación.	Explica as técnicas de identificación máis comúns das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico: ensaios de propiedades mecánicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas, online.</li> <li>Elaboración e exposición de traballos monográficos de investigación.</li> </ul>
4	Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	Primeira avaliación.	Explica a transformación da enerxía eléctrica noutras formas de enerxía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas, online.</li> </ul>
	Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuítos básicos.	Primeira avaliación.	Utiliza un polímetro para determinar valores de resistencias e tensións en circuítos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de prácticas de medida de magnitudes eléctricas empregando un polímetro, ou simuladores.</li> </ul>
	Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos.	Primeira avaliación.	Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos serie e circuítos paralelo con dúas resistencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas, online.</li> <li>Realización de exercicios, tarefas.</li> </ul>
	Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	1ª e 2ª avaliación.	Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, motores, baterías, conectores e resistencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de prácticas de montaxe de circuítos sobre unha protoboard.</li> <li>Realización dun proxecto que incorpore circuítos eléctricos.</li> </ul>
	Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	1ª e 2ª avaliación.	Deseña circuítos eléctricos básicos empregando simuladores e a simboloxía normalizada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de prácticas empregando simuladores de circuítos eléctricos.</li> </ul>

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	2ª e 3ª avaliación.	Elabora un programa informático que permite o control do acendido e apagado de un conxunto de LED.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de programas informáticos para o control de dispositivos.</li> <li>Prácticas de control de dispositivos a través de equipos informáticos.</li> </ul>
5	Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	Terceira avaliación.	Identifica as partes dun computador.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas, online.</li> <li>Realización de prácticas.</li> </ul>
	Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	Terceira avaliación.	Manexa os espazos de intercambio de información máis comúns.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de tarefas, proba online.</li> </ul>
	Cofece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Terceira avaliación.	Cofece as medidas de seguridade relativas á preservación de datos de carácter persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita, online.</li> </ul>
	Instala e manexa programas e software básicos.	Terceira avaliación.	Manexa software básico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Manexo de programas de diferentes tipos ao longo de todo o curso.</li> </ul>
	Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todas as avaliacións.	Utiliza adecuadamente o ordenador asignado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilización do equipamento informático ao longo de todo o curso.</li> </ul>
	Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Todas as avaliacións.	Elabora, presenta e difunde información empregando equipamentos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación de traballos e proxectos técnicos empregando equipamentos informáticos.</li> </ul>

## CUARTO CURSO DA ESO

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	3ª Avaliación.	Describe os aspectos básicos dos sistemas fundamentais de comunicación alámbrica e inalámbrica.	Probas escritas,online. Realización de exercicios, tarefas.
	TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	3ª Avaliación.	Sinala os aspectos básicos das formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Probas escritas,online. Realización de exercicios, tarefas.
	TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	3ª Avaliación.	Busca, intercambia e publica información en internet.	Prácticas no ordenador. Realización de exercicios, tarefas.
	TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	3ª Avaliación.	Aplica medidas de seguridade ás situacións máis graves de risco.	Probas escritas, online. Prácticas no ordenador.
	TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	3ª Avaliación.	Realiza un programa informático sinxelo en linguaxe C.	Probas escritas, online. Prácticas, tarefas, no ordenador.
	TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.	3ª Avaliación.	Usa o computador nunha actividade como ferramenta de adquisición e interpretación de datos.	Prácticas, tarefas, no ordenador.
2	TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	3ª Avaliación.	Recoñece as instalacións típicas dunha vivenda sinxela.	Probas escritas,online.Realización de exercicios, tarefas.



BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	3ª Avaliación.	Identifica os elementos fundamentais das instalacións dunha vivenda.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas.
	TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	3ª Avaliación.	Identifica e manexa a simboloxía dos elementos fundamentais de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas, tarefas no ordenador.
	TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	3ª Avaliación.	Deseña co computador unha instalación eléctrica para unha vivenda pequena.	Prácticas, tarefas no ordenador.
	TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.	3ª Avaliación.	Monta un circuito eléctrico sinxelo dunha instalación eléctrica en vivendas.	Prácticas de montaxe, uso de simuladores.
	TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	3ª Avaliación.	Sinala as medidas fundamentais de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas.
3	TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes elementais.	1ª Avaliación.	Explica de xeito xeral o funcionamento de circuitos electrónicos básicos.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online, no taller.
	TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	1ª Avaliación.	Explica de xeito básico as características e as funcións do resistor, condensador, díodo e transistor.	Probas escritas, online.. Exercicios e prácticas na aula-taller, en casa.
	TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	1ª Avaliación.	Simula co computador circuitos analóxicos básicos e interpreta o seu funcionamento.	Prácticas no ordenador.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuitos electrónicos básicos deseñados previamente.	1ª Avaliación.	Deseña e monta nunha placa de proba circuitos analóxicos e dixitais básicos.	Prácticas de montaxe .
	TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	1ª Avaliación.	Realiza exercicios de lóxica sinxelos utilizando a álgebra de Boole.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online
	TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	1ª Avaliación.	Aplica a formulación lóxica en procesos técnicos sinxelos.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online
	TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	1ª Avaliación.	Deseña con portas lóxicas minimizando co diagrama de Karnaugh problemas tecnolóxicos sinxelos.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online.
4	TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	2ª Avaliación.	Nomea os principais compoñentes dos sistemas automáticos.	Probas escritas, online.
	TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	2ª Avaliación.	Diferencia un sistema de control en lazo aberto dun en lazo pechado.	Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online. Realización de probas escritas, online
	TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.	1ª-2ª Avaliación.	Deseña e fabrica un automatismo básico.	Probas escritas, online. Deseño e fabricación dun proxecto de control na aula-taller.
	TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	2ª Avaliación.	Desenvolve un programa sinxelo co software S4A ou similar para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da información que recibe do exterior.	Probas escritas, online. Prácticas no ordenador.
5	TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	2ª Avaliación.	Relaciona algunhas aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	Probas escritas, online. Realización de exercicios no caderno, na aula virtual, online
	TEB5.2.1. Identifica e describe as	2ª Avaliación.	Identifica os principais elementos das	Realización de exercicios no caderno, na

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	características e o funcionamento deste tipo de sistemas.		tecnoloxías hidráulica e pneumática e describe o funcionamento de sistemas sinxelos nos que se usan ditas tecnoloxías.	aula virtual, online. Realización de probas escritas, online
	TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.	2ª Avaliación.	Debuxa esquemas pneumáticos ou hidráulicos que resolvan problemas tecnolóxicos sinxelos e nomea os seus elementos.	Probas escritas, online. Exercicios, tarefas aula virtual.
	TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	2ª Avaliación.	Simula no ordenador montaxes de circuitos pneumáticos e hidráulicos sinxelos.	Prácticas de ordenador. Probas escritas, online.
6	TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	3ª Avaliación.	Sinala os principais cambios tecnolóxicos que máis repercutiron na historia da humanidade.	Probas escritas, online. Tarefas aula virtual, escritas.
	TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	3ª Avaliación.	Analiza de xeito básico obxectos técnicos, tendo en conta a súa influencia no contorno na época na que foron fabricados e a súa evolución dende o punto de vista histórico.	Probas escritas, online. Tarefas aula virtual, escritas.
	TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	3ª Avaliación.	Analiza de xeito básico a relación entre o desenvolvemento tecnolóxico e o contexto histórico no que se produce.	Probas escritas, online. Tarefas aula virtual, escritas.
	TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	3ª Avaliación.	Con axuda da información de Internet por medio dunha actividade tipo webquest interpreta os principais cambios tecnolóxicos, económicos e sociais ao longo da historia.	Probas escritas, online. Tarefas aula virtual, escritas.



**TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	2ª Avaliación	Respeto ás persoas e a súa privacidade en contornos virtuais.	Observación na aula, nos foros, no uso correcto das ferramentas colaborativas.
	TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	2ª Avaliación	Cumpre normas básicas de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas. Observación na aula.
	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	2ª Avaliación	Respeto os dereitos de autor e a propiedade intelectual en internet.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas. Observación na aula.
	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	2ª Avaliación	É consciente da importancia da identidade dixital e coñece os principais tipos de fraude da web.	Probas escritas,online. Realización de actividades, traballos, tarefas.
	TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	2ª Avaliación	Recoñece a diferenza entre materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Probas escritas, online. Realización de exercicios, tarefas.
2	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Todas as avaliaciós	Realizar operacións básicas de organización e almacenamento da información acadando unha orde mínima na súa estrutura.	Probas escritas, online. Probas prácticas na aula. Realización de exercicios, tarefas.
	TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Todas as avaliaciós	Configura as principais utilidades do sistema operativo e o seu mantemento.	Probas escritas. Probas prácticas na aula. Realización de exercicios, tarefas.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Todas as avaliacións	Resolve problemas básicos ligados aos sistemas operativos e os programas vinculados a estes.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.Realización de exercicios, tarefas.
	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Todas as avaliacións	Coida e administra con responsabilidade o equipo da aula de informática e coñece algunha aplicación de comunicación entre dispositivos.	Observación na aula. Probas escritas. Probas prácticas na aula.Realización de exercicios, tarefas.
	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	1ª Avaliación	Coñece os principais compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Realización de exercicios, tarefas. Probas escritas, online, probas prácticas na aula.
	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	1ª Avaliación	Describe basicamente as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Probas escritas, online. Tarefas aula virtual,
3	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	1ª Avaliación	Elabora documentos de texto cun procesador de textos aproveitando as súas utilidades básicas como a inserción de táboas e imaxes entre outras.	Probas escritas, online. Tarefas e probas prácticas na aula virtual.
	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	1ª Avaliación	Realiza informes sinxelos cunha folla de cálculo no que se inclúan texto, resultados numéricos e gráficos.	Probas escritas, online. Tarefas e probas prácticas na aula virtual.
	TICB3.1.3. Elabora bases de datos	2ª Avaliación	Crea unha base de datos sinxela incluíndo os seguintes obxectos: táboas,	• Probas escritas, online. Tarefas e probas prácticas na aula

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.		consultas formularios e informes.	virtual. Probas prácticas na aula.
	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	2ª Avaliación	Realiza presentacións sinxelas integrando texto e elementos multimedia adecuando a mesma ao público a quen vai dirixido.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual.
	TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	3ª Avaliación	Captura información multimedia e a procesa mediante programas de edición de imaxe, audio e vídeo obtendo o resultado no formato deseado.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
4	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	2ª e 3ª Avaliación	Coñece os principais dispositivos físicos e as características técnicas do intercambio de información entre eles.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	2ª Avaliación	Identifica as principais ameazas á seguridade e as medidas básicas de seguridade pasiva e activa.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	2ª Avaliación	Recoñece a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para acadar seguridade.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
5	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Todas as avaliaciós.	Utiliza a red local da aula de informática para obter e compartir información para o desenvolvemento de actividades.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula,

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
				online. Probas prácticas na aula.
	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	3ª Avaliación	Publica contidos sinxelos na web que integren texto e gráficos.	Probas prácticas na aula. Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	3ª Avaliación	Deseña unha páxina web sinxela respetando os estándares de publicación e os dereitos de propiedade.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	3ª Avaliación	Colabora nalgunha actividade utilizando unha ferramenta TIC de carácter social.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
6	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	3ª Avaliación	Elabora material sinxelo para a web que permite a accesibilidade á información multiplataforma.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	3ª Avaliación	Realiza intercambios de información en algunha plataforma na que esté rexistrado/a e que ofrece servizos de formación.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.
	TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	3ª Avaliación	Realiza algunha actividade de sincronización dun móbil cun ordenador.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual.
	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	3ª Avaliación	Participa nalgunha rede social con criterios de seguridade.	Probas prácticas na aula virtual.



BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	3ª Avaliación	Utiliza algún canal de distribución de contido multimedia para aloxar material propio e enlazalos noutras producións.	Tarefas e probas prácticas na aula virtual. Exames e probas prácticas na aula, online.

## - METODOLOXÍA

Unha das formas de aprendizaxe dos contidos da área de tecnoloxía é traballando mediante a realización de prácticas e o método de proxectos. De forma moi esquemática, o método de proxectos consta de catro etapas: observar, deseñar, construír e avaliar. Unha vez concluído o proceso, o alumnado terá aprendido a:

- Identificar problemas que precisan unha solución
- Determinar as condicións que debe cumprir a solución a un problema
- Analizar as solucións existentes valorando posibles melloras
- Deseñar unha solución a través da realización da documentación técnica
- Executar o deseño planificando previamente a distribución de tarefas e tempos e a dispoñibilidade das ferramentas necesarias
- Analizar o resultado do proceso

A dificultade dos problemas que cada grupo de traballo debe resolver aumenta progresivamente da primeira á última avaliación. O grupo debe analizar a información proporcionada e tomar decisións pero todo isto sucede nun marco que inicialmente estará moi delimitado e que progresivamente se moverá cara proxectos máis abertos.

Esta metodoloxía desenvólvese nunha aula-taller preparada para impartir contidos cunha compoñente práctica importante. Este espazo permite ademais o traballo individual e en grupo. Co traballo individual preténdese favorecer a autonomía persoal do alumnado a través de diferentes tarefas como resolución de exercicios, prácticas, probas de avaliación ou pequenos traballos de investigación. Co traballo en grupo preténdese favorecer a aprendizaxe cooperativa, así como contribuír positivamente á convivencia no centro a través da realización de proxectos e calquera das tarefas xa comentadas (salvo as probas de avaliación, que serán de carácter individual).

Durante os últimos cursos académicos aplicamos con moi bos resultados o uso de actividades dixitais interactivas a entregar nunha data limite na

aula virtual do centro. Esta metodoloxía favorece a autoaprendizaxe, pois fai posible que cada alumna e alumno marque o seu ritmo de traballo, permite unha mellor atención individualizada e supón unha optimización de recursos e tempos. Continuaremos traballando nesta liña ao longo do curso académico, se é posible.

## **- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Como é habitual, o departamento tomou a decisión de non fixar un libro de texto e traballará con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na rede nos cursos da ESO e nos bacharelatos. O centro dispón ordenadores para uso do alumnado e dunha rede de datos accesible, o que fai perfectamente viable esta elección. Desta maneira a materia impártese cun custo case nulo para as familias e ademais incídese no desenvolvemento da competencia dixital.

O alumnado pode descargar os materiais curriculares e se o solicita, dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero moitos boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

Todo o material e ferramentas que se requiren para a realización de proxectos están dispoñibles no taller e organizadas en paneis.

A sostibilidade dos talleres depende en boa medida da recuperación de materiais e compoñentes, por iso desmontamos a maioría dos proxectos construídos nos cursos anteriores e empregamos materiais de refugallo sempre que é posible. Procuramos implicar ao alumnado nestas tarefas de recuperación de materiais e compoñentes ao final de cada avaliación.

O mantemento dos talleres é responsabilidade de todo o alumnado, polo que empregamos os cinco últimos minutos de cada clase para ordenar e limpar. Deste modo a aula queda en boas condicións para a entrada do seguinte grupo.

Para impartir programación nas materias de Tecnoloxías, Tecnoloxía Industrial e TICs utilizaremos diferentes páxinas web, as aulas de informática, a aula virtual do centro.

A área de tecnoloxía está en continuo cambio, co cal fanse necesarios novos espazos para os novos equipamentos, así que a reestructuración da aula-taller, formará parte dun contexto real no que o alumnado poderá traballar as competencias da área, con contidos tales como, traballar colaborativamente, usar diferente tipo de ferramentas, interpretar instrucións de montaxe, etc

## - CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes elementos:

- Ate o 10% da nota en cada avaliación:
  - Realización e entrega de todas as tarefas asignadas dentro dos prazos establecidos.
  - Comportamento na aula en relación cos compañeiros e co profesorado, rendimento, interese e participación.
  - Aproveitamento e coidado do material nas aulas, aula-taller e aulas de informática.
  - Por exemplo, acadará ese 10% da nota se o alumno ou alumna ten todo positivos no caderno de observación da profesora ou profesor, no que recolle a realización de deberes. Se colabora na aportación e recollida do material das prácticas, axuda na organización das mesmas. Se participa na corrección dos exercicios, tarefas, etc. Estar sentado ou sentada na aula sen molestar seguindo as explicacións e participando é un deber do alumnado, polo tanto non é unha cuestión de “subir nota”. O alumnado que estivera sentado sen facer nada, ou recibira varios avisos por mala actitude (como interromper a clase, faltas de puntualidade ou asistencia(máis de 3 sen xustificar ou que tivera un parte ou máis en xefatura terá un cero neste apartado. O alumnado que vai traballando aínda que non sempre, irregular, e non ten ningunha chamada de atención, pero sí de puntualidade ou asistencia (unha ou dúas faltas sen xustificar), acadará un 5. O alumnado que vai traballando, algo irregular, e non ten ningunha chamada de atención, ou de puntualidade, acadará un 8. O alumnado que amosa interese, traballa, fai os deberes, participa, non chega tarde,etc, terá o 10 neste apartado.
- Ate o 90% da nota en cada avaliación:
  - Probas de avaliación.
  - Traballos e exposicións orais.
  - Proxectos e prácticas.
  - Resolución de exercicios.
  - Utilización do equipamento informático e o software.
  - O peso destas partes dependerá de cada avaliación. Tratarase de informar da maneira máis aproximada cal é a porcentaxe de cada parte: exámenes, proxecto, un número de prácticas, etc, pero tendo en conta que a duración da parte das prácticas, proxecto, etc as

veces está moi condicionada por días que non se poden facer porque hai outras actividades no centro ou falta do alumnado, etc. Polo que ao mellor a porcentaxe prevista, pode verse modificada.

### **En cada avaliación**

- A nota dos exámenes, debe ser superior a 4 para poder compensar cos outros procedementos e instrumentos de avaliación . O profesorado pode pedir que recupere algunha parte pois pode ser que dentro dun examen quedaran bloques de contidos que o alumnado non superara.
- A nota de cada avaliación calcularase a partir das notas obtidas nestes 2 bloques precedentes.(10% actitude e 90% resto). E o aprobado é se obtén un 5 ou máis.
- O cumprimento das normas básicas de seguridade e hixiene, e de mantemento do material e ferramentas do taller, dos equipos informáticos,etc, son aspectos fundamentais para superar a materia. O traballo no taller terá un 1 na avaliación se un alumno/a poñe de xeito intencionado en perigo a súa seguridade e/ou a dos seus compañeiros.
- Se o alumno ou alumna copiou nun examen ou proba, ou copiou as prácticas, exercicios, tarefas ou traballos, terá un cero nese examen, proba, etc. No caso de que se teña sospeita de que se copiou, o profesorado poderá pedir unha verificación de coñecementos o mesmo día ou os seguintes días á realización da proba, examen etc. Que consistirá na realización dunha proba oral ou escrita, similar á realizada.
- Os exámenes de recuperación que superen o 5, farán media coa nota ou notas anterior desa parte, (por exemplo se tiña suspenso cun 3 e na recuperación saca un 8, a media sería 5.5), no caso de que a media sea inferior a 5 considérase recuperado cun 5. Se na recuperación non acadan o 5, esa será a nota para seguir aplicando todos os criterios de cualificación.

### **Avaliación Ordinaria**

- No caso de que as tres avaliacións estén aprobadas (5 ou máis), a nota da avaliación ordinaria de xuño será a media das notas das tres avaliacións, obtidas co valor real de cada avaliación, sen aproximar, é dicir, se por exemplo o alumno-a tiña, de notas de cada avaliación 5.5, 6.5 e 5.5, a media farase con esos valores e non coa nota que se aproxima cada avaliación no boletín de notas. No caso de que

algunha avaliación estivera suspensa no boletín de notas, pero que logo recuperara, aplicarase o criterio do apartado anterior para obter a nota da correspondente avaliación e logo o criterio deste punto.

- Cando o alumnado non supera as tres avaliacións, ten dereito a un examen final en xuño que deberá aprobar (5), para poder superar a materia en xuño. O profesor ou profesora poderá eliminar algunha parte da materia a avaliar.

### **Avaliación Extraordinaria**

- O alumnado que non aprobe a materia na avaliación ordinaria dispón da convocatoria extraordinaria para examinarse.
- Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar un exame escrito, e poderá ter que facer un examen práctico relacionado co traballo práctico do taller ou responder no examen, a cuestións teóricas relacionadas co traballo práctico. Poderá ter que realizar e entregar actividades de recuperación do periodo que vai desde a convocatoria ordinaria á extraordinaria. A nota será únicamente a nota do examen desta convocatoria extraordinaria. Se excepcionalmente o alumno-a só tivo que facer unha parte, sempre que aprobara o examen, a nota media realizarase cos criterios da materia da avaliación ordinaria.

Especificacións sobre a **avaliación das materias de TIC, TIC I, TIC II** e das partes de informática, programación, control e robótica do resto das materias:

Os contidos (conceptos, procedementos, destrezas) (90% da nota) serán avaliados mediante, a realización de prácticas, actividades ou tarefas a maioría na aula virtual, a entrega e a realización de prácticas e traballos, así como a execución de probas escritas e prácticas. Os aspectos a ter en conta serán:

- A maneira de expresar os coñecementos teóricos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A utilización dos equipos e soportes cumprindo as normas de seguridade e hixiene.
- A súa valoración sobre a utilización de técnicas e procedementos para manter a seguridade, integridade e privacidade da información.

- O interese pola utilización correcta da linguaxe informática.
- A realización do seu traballo dunha forma autónoma e responsable.
- A responsabilidade na execución do seu propio traballo e dos resultados obtidos.
- O mantemento do seu posto de traballo limpo e ordenado.
- Orde e método na realización de tarefas, planificación dos traballos antes de realizalos.
- A valoración dunha presentación limpa e ordenada dos resultados dos traballos realizados.
- O interese pola conclusión total dun traballo antes de comezar o seguinte. Puntualidade na entrega das prácticas, traballos, tarefas...

Na avaliación das actitudes ( ate 10% da nota) terase en conta:

- O interese polo estudo e o traballo, a perseveranza na procura de solucións, constancia e o esforzo.
- A asistencia con puntualidade, mantendo unha actitude positiva e activa cara ao traballo.
- A rigorosidade, orde e limpeza.
- A manipulación adecuada dos materiais a utilizar.
- O comportamento correcto con todo o mundo. A aceptación das normas de comportamento e traballo establecidas.
- O mantemento dunha actitude de diálogo e debate, non de discusión. O respecto por outras opinións, ideas e condutas.
- A participación activa nos debates e na formación de grupos de traballo.
- A conciencia de grupo, integrándose nun grupo de traballo, participando e respectándoo.
- O esforzo por facerse entender polos demais.
- O respecto cara á execución do traballo alleo no grupo, compartindo as responsabilidades derivadas do traballo global.
- A valoración do traballo en equipo como o medio máis eficaz para a realización de certas actividades.
- O mantemento de actitudes de solidariedade e compañeirismo.
- O uso correcto dos materiais físicos e lóxicos das aulas. O uso incorrecto dos mesmos (por exemplo, navegando en páxinas web non permitidas explicitamente polo docente) suporá unha falta. A reincidencia nesta conduta pode supoñer un suspenso na materia.



Ademais, terase tamén en conta que:

- As faltas de puntualidade e de asistencia inxustificadas penalizan a cualificación da nota de clase xa que a materia é eminentemente práctica. Os alumnos-as que no asistan regularmente a clase e acumulen faltas inxustificadas perderán o seu dereito á avaliación continua e a avaliación consistirá nunha proba escrita ao final do trimestre ou do curso, segundo o número de faltas. A falta de asistencia a unha proba debe ser xustificada.
- A non realización de traballos obrigatorios suporá unha cualificación negativa e pode implicar o suspenso na avaliación sumativa.
- A presentación dos traballos voluntarios, no caso de estar ben feitos, teranse en conta para subir a nota nun punto ou mais.
- O uso incorrecto dos materiais físicos e lóxicos da aula (por exemplo, navegando en páxinas web non permitidas explicitamente polo docente, golpear o rato, teclado, etc, manipular o material, equipos, con mala intención, a configuración dos equipos, contrasinais, etc). Será unha falta que poderá ser grave. A reincidencia nesta conduta pode supoñer un suspenso na materia.
- A nota correspondente a unha avaliación que estea composta por varias probas, prácticas, etc, será a media ponderada (segundo a importancia das mesmas) das notas das mesmas sempre que superen o catro.
- A materia considérase aprobada si se aproban todas as avaliacións.

Estas especificacións complementan o resto xa escrito sobre a avaliación.

#### Sobre a **avaliación do reforzo-ampliación de Tecnoloxía Industrial I:**

Unha vez superada a materia de tecnoloxía Industrial I, a partir de 5, na convocatoria ordinaria, o alumnado que na hora de reforzo-ampliación o aproveitara positivamente, realizando as prácticas, traballos de investigación, facendo a memoria das prácticas, mostrando interese polo traballo, boa actitude e traballo colaborativo, poderá subir a media da nota da materia ata 1 punto. O profesorado recollerá durante o curso, notas de observación, prácticas realizadas, etc nas que se se reflicte o aproveitamento ou non desta hora, se o alumno-na, non traballou o suficiente, non poderá subir a nota da materia.

**- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

**Avaliación do proceso de ensino:**

**SEGUNDO CURSO DA ESO - TECNOLOXIA**

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 2ºESO	INDICADORES DE LOGRO
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo utilizando os Sistemas de Representación Diédrico, Perspectiva Caballera e Perspectiva Isométrica.</li> </ul>
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza os informes escritos, o orzamento, o reparto de tarefas e o listado de ferramentas e materiais para a planificación da construción dun prototipo.</li> </ul>
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fabrica un prototipo que resolva un problema técnico sinxelo plantexado polo profesor/a.</li> </ul>
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta as ideas e opinións das compañeiras e compañeiros do grupo.</li> <li>• Expón as súas ideas e opinións.</li> <li>• Asume as tarefas e responsabilidades que lle corresponden.</li> </ul>
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representa con claridade en Sistema Diédrico e Perspectivas Caballera e Isométrica obxectos ou sistemas técnicos a fabricar.</li> <li>• Acota sobre as vistas e fai debuxos a escala de obxectos técnicos sinxelos.</li> </ul>
TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extrae toda a información proporcionada a través dun esbozo ou un bosquexo.</li> </ul>
TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora correctamente a documentación relativa a cada proxecto técnico realizado con software ofimático.</li> </ul>
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe as propiedades xerais características dos diferentes materiais e de forma máis detallada da madeira e dos metais.</li> </ul>
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece os materiais cos que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</li> </ul>

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 2ºESO	INDICADORES DE LOGRO
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexa correctamente e de forma segura as ferramentas.</li> <li>• Emprega correctamente as técnicas necesarias para o traballo con diferentes materiais.</li> </ul>
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza un plan detallado de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.</li> </ul>
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe as características propias dos diferentes tipos de estruturas.</li> </ul>
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión en diferentes tipos de estruturas.</li> </ul>
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica apoiándose nun debuxo ou esquema como se produce a transformación e transmisión de movemento nos principais mecanismos.</li> </ul>
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calcula relacións de transmisión en sistemas mecánicos de transmisión do movemento circular.</li> </ul>
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica os principais elementos que forman unha máquina ou sistema dende o punto de vista estrutural e mecánico e explica as súas funcións.</li> </ul>
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Simula e interpreta con software de representación de sistemas mecánicos o seu funcionamento.</li> </ul>
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseña e fabrica sistemas mecánicos de transmisión ou transformación do movemento.</li> </ul>
TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseña e monta circuitos eléctricos básicos con diferentes operadores eléctricos en serie e paralelo.</li> </ul>
TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexa software específico que permite o deseño e a simulación do funcionamento de circuítos eléctricos básicos en serie e paralelo.</li> </ul>
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enumera e identifica as partes dun computador.</li> </ul>

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 2ºESO	INDICADORES DE LOGRO
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Manexa axeitadamente un procesador de texto, unha folla de cálculo, un simulador de circuítos eléctricos e de sistemas mecánicos e o programa scratch.</li></ul>
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sempre cumpre coas normas marcadas de manexo dos ordenadores.</li></ul>
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Utiliza un programa ofimático para a elaboración dun proxecto técnico.</li></ul>
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realiza xogos de nivel básico co programa informático Scratch.</li></ul>

### TERCEIRO CURSO DA ESO - TECNOLOXIA

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 3ºESO	INDICADORES DE LOGRO
TEB 1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora un deseño utilizando os sistemas de representación que dé solución a un problema tecnolóxico.</li> </ul>
TEB 1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza documentación (informes, orzamento, reparto de tarefas) para a planificación da construción dun prototipo.</li> </ul>
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexa correctamente e de forma segura as ferramentas.</li> <li>• Emprega correctamente as técnicas necesarias para o traballo con diferentes materiais.</li> <li>• Constrúe un prototipo como solución a un problema tecnolóxico.</li> </ul>
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta as ideas e opinións das compañeiras e compañeiros de grupo.</li> <li>• Expón as súas ideas e opinións.</li> <li>• Asume as tarefas e responsabilidades que lle corresponden.</li> </ul>
TEB 2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extrae toda a información proporcionada a través dun esbozo ou un bosquexo.</li> </ul>
TEB 2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora correctamente a documentación relativa a cada proxecto técnico realizado con software ofimático.</li> <li>• Realiza operacións básicas con software de deseño gráfico asistido por computador.</li> <li>• Representa obxectos e partes de obxectos empregando software de deseño gráfico asistido por computador.</li> </ul>
TEB 3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe as características propias dos plásticos, materiais téxtiles e de construción.</li> </ul>
TEB 3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece as diferentes técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.</li> <li>• Describe diferentes ensaios de propiedades mecánicas.</li> </ul>
TEB 4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica os principais efectos da corrente eléctrica e as diferentes transformacións da enerxía eléctrica noutras formas de enerxía.</li> </ul>
TEB 4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza correctamente ou explica como se usa o polímetro na medida de resistencias,</li> </ul>

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE 3ºESO	INDICADORES DE LOGRO
magnitudes eléctricas de circuitos básicos.	voltaxes e intensidades eléctricas.
TEB 4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos serie, paralelo e mixto.</li> </ul>
TEB 4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece os diferentes compoñentes e emprega correctamente a simboloxía normalizada.</li> <li>• Identifica os diferentes compoñentes reais e comprende a súa función dentro dun circuito.</li> <li>• Deseña circuitos que cumpren unha función concreta empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias</li> <li>• Monta circuitos con compoñentes reais (lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias) interpretando correctamente os deseños.</li> </ul>
TEB 4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexa software específico que permite a simulación de circuitos eléctricos básicos.</li> </ul>
TEB 4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega unha linguaxe de programación por bloques para controlar dispositivos a través de equipos informáticos.</li> </ul>
TEB 5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica as principais partes dun computador ben directamente nun equipo, ben en representacións.</li> </ul>
TEB 5.2.1 Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza os espazos web máis habituais para o intercambio de información.</li> </ul>
TEB 5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entende a importancia de preservar a información de carácter privado.</li> <li>• Sabe como xerar un contrasinal seguro e entende a importancia de non compartilo.</li> <li>• Comprende a importancia de utilizar un antivirus e outros programas de mantemento.</li> </ul>

<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 3ºESO</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
TEB 5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.	• Manexa os diferentes programas que utilizamos na aula tales como simuladores, buscadores ou software ofimático.
TEB 5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	• Utiliza con soltura o equipamento informático.
TEB 5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	• Elabora e presenta proxectos técnicos empregando equipamentos informáticos.

## CUARTO CURSO DA ESO - TECNOLOXIA

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE 4ºESO	INDICADORES DE LOGRO
TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	Relaciona os elementos dos sistemas fundamentais de comunicación alámbrica e inalámbrica e explica o seu funcionamento.
TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Describe detalladamente as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	Busca, intercambia e pública información en Internet empregando diferentes servizos de localización, comunicación intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.
TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Aplica medidas de seguridade a todas as situacións de risco.
TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	Desenvolve varios programas informáticos.
TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.	Utiliza o computador en diferentes actividades como ferramenta de adquisición e interpretación de datos.
TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	Recoñece as instalacións típicas de calquera vivenda.
TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	Identifica todos os elementos das instalacións dunha vivenda.
TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	Identifica e manexa a simboloxía dos elementos de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.
TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	Deseña co computador unha instalación eléctrica para calquera vivenda.
TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.	Monta diferentes circuítos eléctricos dunha instalación eléctrica en vivendas.
TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha	Elabora un plan completo de medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.



ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 4ºESO	INDICADORES DE LOGRO
vivenda.	
TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	Explica detalladamente o funcionamento de circuítos electrónicos básicos.
TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	Relaciona todas as características e as funcións do resistor, condensador, díodo e transistor.
TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	Simula co computador circuítos analóxicos e interpreta o seu funcionamento.
TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.	Deseña e monta nunha placa de proba circuítos analóxicos e dixitais.
TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	Resolve exercicios de lóxica utilizando a álgebra de Boole.
TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	Aplica a formulación lóxica en procesos técnicos.
TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	Resolve con portas lóxicas problemas tecnolóxicos.
TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	Explica o funcionamento dos compoñentes dos sistemas automáticos.
TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	Analiza o funcionamento de automatismos en lazo aberto e pechado presentes en dispositivos técnicos habituais.
TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.	Deseña e fabrica automatismos sinxelos.
TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	Desenvolve programas co software S4A ou similar para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da información que recibe do exterior.
TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	Relaciona múltiples aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	Identifica os elementos das tecnoloxías hidráulica e pneumática e describe o funcionamento de sistemas nos que se usan ditas tecnoloxías.
TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.	Debuxa esquemas pneumáticos ou hidráulicos que resolvan problemas tecnolóxicos e nomea perfectamente os seus elementos.
TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuítos sinxelos pneumáticos ou	Simula no ordenador montaxes de circuítos pneumáticos e hidráulicos.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE 4ºESO	INDICADORES DE LOGRO
hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	
TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	Sinala os cambios tecnolóxicos que máis repercutiron na historia da humanidade.
TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	Analiza con detalle obxectos técnicos, tendo en conta a súa influencia no contorno na época na que foron fabricados e a súa evolución dende o punto de vista histórico.
TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	Analiza con profundidade a relación entre o desenvolvemento tecnolóxico e o contexto histórico no que se produce.
TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	Con axuda da información de Internet, interpreta pormenorizadamente os cambios tecnolóxicos, económicos e sociais ao longo da historia.

### CUARTO CURSO DA ESO - TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE TIC	INDICADORES DE LOGRO
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Respecta ás persoas e a súa privacidade e ten sempre un espírito positivo e de colaboración en contornos virtuais.
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	É riguroso no cumprimento das normas básicas de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Respeto os dereitos de autor e a propiedade intelectual en internet e coñece os diferentes tipos de licenzas e as súas características.
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Consulta distintas fontes e é consciente da importancia da identidade dixital e coñece os diferentes tipos de fraude da web.
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Recoñece a diferenza entre materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución e coñece as súas condicións correspondentes.
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Realizar operacións básicas de organización e almacenamento da información acadando unha orde ben xerarquizada na súa estrutura.
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Configura ou recoñece as utilidades do sistema operativo e o seu mantemento, obtendo o máximo partido do mesmo.
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Resolve problemas ligados aos sistemas operativos e os programas vinculados a estes.
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Coida e administra con responsabilidade o equipo da aula de informática e coñece diferentes aplicacións de comunicación entre dispositivos.
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Coñece e analiza todos os compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Describe detalladamente as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE TIC	INDICADORES DE LOGRO
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	Elabora documentos de texto cun procesador de textos aproveitando ao máximo as súas funcións.
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Realiza informes complexos cunha folla de cálculo no que se inclúan texto, resultados numéricos e gráficos.
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Crea unha base de datos con bastantes campos incluíndo os seguintes obxectos: táboas, consultas formularios e informes.
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Realiza presentacións concisas e vistosas, integrando texto e elementos multimedia adecuando a mesma ao público a quen vai dirixido.
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Captura información multimedia e a procesa sacándolle o máximo partido con programas de edición de imaxe, audio e vídeo obtendo o resultado no formato deseado.
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Coñece os dispositivos físicos e as características técnicas do intercambio de información entre eles.
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Identifica as principais ameazas á seguridade e aplica medidas de seguridade pasiva e activa.
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Recoñece a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para acadar seguridade e utilízalos con rigurosidade.
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Utiliza a red local da aula de informática e redes virtuais para obter e compartir información para o desenvolvemento de actividades.
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	Publica contidos con alto grao de elaboración na web que integren texto e gráficos.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE TIC	INDICADORES DE LOGRO
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	Deseña unha páxina web respetando os estándares de publicación e os dereitos de propiedade.
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	Colabora en diferentes actividades utilizando ferramentas TIC de carácter social.
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Elabora materiais altamente elaborados para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	Realiza intercambios de información en diferentes plataforma na que esté rexistrado/a e que ofrecen diversos tipos de servizos.
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	Realiza algunha actividade de sincronización dun móbil con diferentes dispositivos.
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	Participa en varias redes sociais con criterios de seguridade.
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	Utiliza diferentes canais de distribución de contido multimedia para aloxar material propio e enlazalos noutras producións.

**Avaliación da práctica docente:**

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.</li> <li>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.</li> <li>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</li> <li>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</li> <li>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller.</li> <li>• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller.</li> <li>• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe</li> <li>• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.</li> </ul>
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.</li> <li>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller.</li> <li>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.</li> <li>• Fomenta un bo ambiente na aula-taller.</li> <li>• Promove a participación activa do alumnado.</li> <li>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.</li> <li>• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</li> <li>• Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.</li> <li>• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.</li> </ul>
Traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</li> <li>• Resolve as dúbidas do alumnado .</li> <li>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</li> <li>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.</li> </ul>
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</li> <li>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.</li> <li>• Establece medidas que permitan introducir melloras.</li> <li>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.</li> <li>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller.</li> <li>• Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.</li> <li>• Favorece os procesos de autoavaliación.</li> <li>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.</li> </ul>

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Informa ao alumnado dos resultados obtidos.</li></ul>

**- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O seguimento do alumnado que debe recuperar materias pendentes se realizará a través de titorías de apoio que terán lugar durante os recreos.

Farase un seguimento continuo do traballo do alumno repetidor mediante diferentes probas: orais, escritas e prácticas. Ademais:

-Observarase o traballo diario e a participación na materia.

-Rexistrarase como xestiona e organiza a materia, contestando as seguintes preguntas:

Levou o material preciso ó aula? Tomou nota na axenda das actividades e dos traballos pendentes e das datas importantes(exames, entrega de traballos, presentacións...)? Ordena e clasifica os apuntes, as notas e as actividades? Organiza ben o tempo preciso para cada tarefa? É autónomo na realización e cumpre co plan de traballo establecido?

O alumnado de 3º e 4º curso da ESO que teña pendente a materia Tecnoloxías do curso anterior, deberá recuperala de acordo co seguinte procedemento:

- 1 Resolución de esquemas e colección de exercicios: o alumnado recibirá dúas coleccións de exercicios, que entregará cada unha delas nos prazos establecido para a súa corrección.( á volta de nadal, e ao final da 2ª avaliación)
- 2 Realización do exame (abril-maio) para o alumnado que:
  - 2.1 Non entregou as coleccións de exercicios.
  - 2.2 Que tendo entregada a colección de exercicios, non obtivo unha avaliación positiva, nas dúas avaliacións do curso de Tecnoloxías que está a facer, ou non está cursando a materia. Nestes casos o alumnado poderá facer só unha parte dese examen final, según cada caso.

No caso de aprobar a materia de Tecnoloxía que estan cursando, nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, as pendentes da materia dos cursos inferiores tamén serán aprobadas.

Avaliación de materias pendentes, alumnado que teña pendente Tecnoloxía Industrial I:

- Realización de esquemas e/ou traballos así como a resolución de boletíns de exercicios-problemas: o alumnado recibirá boletíns de exercicios, que entregará nos prazos establecidos. Realizarase unha corrección para detectar os problemas. O alumnado poderá realizar probas nas que poderá



ir eliminando materia.

- Realización dos correspondentes exámenes de pendentes, convocatoria ordinaria e extraordinaria, se é o caso. Poderá non ter que realizar ditos exámenes se durante o curso, foi superando probas parciais despois da realización dos boletíns, esquemas, etc.

Avaliación de materias pendentes, alumnado que teña pendente TIC, TIC I, TIC II:

O alumnado que teña pendente algunha das materias TIC, durante o curso realizará as correspondentes tarefas que o profesorado lle asignará na aula virtual da materia correspondente, e que deberá entregar nos prazos correspondentes. Se non realiza as tarefas ou non as supera, deberá facer as probas correspondentes ás convocatorias ordinaria e extraordinaria, de ser o caso.

### **- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E REFORZO**

- Para a preparación da avaliación extraordinaria, o alumnado deberá realizar as actividades de reforzo que lle permitirán traballar os estándares de aprendizaxe correspondentes, mediante a resolución de exercicios e problemas. A utilización de simuladores así como actividades interactivas tamén poderán formar parte do reforzo nos días previos á proba extraordinaria.
- As actividades de ampliación (e de ser o caso de afianzamento), serán principalmente actividades dixitais interactivas, pero poderán ser tarefas relacionadas coa elaboración dun traballo de investigación, proxecto, etc. Sempre tendo en conta que continuaremos coa metodoloxía que favorece a autoaprendizaxe, deste xeito, cada alumna e alumno marca o seu ritmo de traballo, e trataremos de optimizar recursos e tempos.

## AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Nas primeiras exposicións grazas á interacción co alumnado mediante preguntas orais poderemos coñecer os seus coñecementos previos e o nivel inicial sobre os bloques de contidos que imos impartir e a información que obtengamos marcará o nivel de partida de impartición da materia. Antes do desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas realizaranse preguntas en voz alta ao grupo clase ou un cuestionario de avaliación inicial, cos que pretendemos por unha parte situar o nivel de coñecementos previos do alumnado e por outra introducir o tratamento dos contidos posteriores. Se é o caso, o deseño previsto para a unidade modificarase nos aspectos necesarios para revisar, repasar e reforzar aqueles coñecementos previos que fora necesario. No desenvolvemento da unidade partírase sempre do punto detectado como óptimo a partir desta avaliación inicial.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas de avaliación
- Apoios en pequeno grupo
- Titorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

## 12 - ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na área de tecnoloxía moitos dos contidos relacionados coa educación en valores, como a educación ambiental, a educación para a saúde e para o consumo, aparecen de forma explícita no currículo. O enfoque sociocultural da tecnoloxía supón o tratamento de perspectivas críticas e valorativas incluídas nas propostas de educación en valores.

- **Educación ambiental:** A tecnoloxía supón unha modificación do medio, Polo tanto, no tratamento de tódolos temas debe poñerse de manifesto a necesidade de valorar sempre os beneficios e inconvenientes. Contidos como tecnoloxía e necesidades humanas ou impacto ambiental das tecnoloxías son ben explícitos nesta liña.
- **Educación para a saúde:** Os contidos relativos á educación para a saúde están reflectidos no tratamento dos temas relativos á seguridade e hixiene no traballo, ós primeiros auxilios, ós riscos profesionais e á seguridade laboral.
- **Educación non sexista:** A educación para igualdade entre os homes e as mulleres maniféstase de forma xeral durante o desenvolvemento da área a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas así como proporcionando, tal e como indicamos anteriormente, contextos de aprendizaxe nos que os aspectos tecnolóxicos non teñan marcado carácter masculino.
- **Educación para a convivencia:** A educación moral e cívica encontra espazos de tratamento nos contidos relacionados co traballo e o mercado de traballo, e de forma explícita no desenvolvemento de actitudes de responsabilidade cara ó traballo ben feito e a cooperación no grupo.
- **Educación para o consumidor:** A educación para o consumo ten un tratamento xeral nos contidos relacionados coa análise de obxectos, a publicidade, a oferta e a demanda dos produtos.
- **Educación viaria:** A educación viaria ten un tratamento específico na análise das repercusións da evolución tecnolóxica dos medios de transporte dada a necesidade de regular o seu uso cada vez máis estendido. A propia regulación pode ser fonte de problemas tecnolóxicos (semáforos, control automático, etc.).
- **Educación para a paz:** A evolución da tecnoloxía vai ligada ás necesidades armamentísticas en tódalas épocas históricas. Convén propiciar debates en torno ao control da tecnoloxía pola sociedade cunha perspectiva pacífica.

O presente documento mostra integrados os contidos comúns-transversais nos obxectivos, nas competencias específicas, nos diferentes

bloques de contido e nos criterios de avaliación. Deste xeito, entendemos que o fomento da lectura, o impulso á expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores, son obxectos de ensino-aprendizaxe a cuxo impulso deberemos contribuír. Constitúen exemplos diso os seguintes:

- Valoración da importancia do mantemento dunha contorna de traballo seguro, ordenado, agradable e saudable.
- Disposición a reflexionar antes de actuar.
- Respecto ás normas de uso de ferramentas, útiles e máquinas.
- Gusto pola representación limpa, clara e proporcionada dos debuxos realizados.
- Preparación para gozar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedora.
- Utilización de recursos materiais variados, da contorna, convencionais e non convencionais.
- Análise dos novos produtos tecnolóxicos que melloran a calidade de vida.
- Recoñecemento de importancia da existencia dun equilibrio entre medio ambiente e tecnoloxía.
- Valoración crítica de achegas, riscos e custos sociais da innovación tecnolóxica nos ámbitos do benestar, a calidade de vida e o equilibrio ecolóxico.

## CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS E PLANS O CENTRO

### PROXECTO LECTOR

Dende as materias da área de Tecnoloxía adicarémonos a:

- Traballar textos tecnolóxicos, así como científicos e técnicos, enténdelos e ser capaces de extraer e analizar información.
- Na resolución de problemas, adquirir o hábito de ler e comprender o enunciado antes de abordalo, aprender a prescindir da información superflua e saber estimar a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.
- Aprender a expresar ideas e conclusións que conteñan información tecnolóxica con claridade, redactar procesos tecnolóxicos e solucións a problemas.
- Saber verbalizar conceptos, facer explícita unha idea ou expoñer un argumento.
- Aprender a valorar a precisión, simplicidade e utilidade doutras linguaxes na Tecnoloxía (como por exemplo a linguaxe gráfica, a lingua inglesa nas seccións bilingües e a matemática) para describir ideas, situacións e fenómenos procedentes de calquera ámbito científico e da vida cotiá.

Tamén darémoslles a coñecer os diferentes títulos cos que conta a biblioteca do Instituto nos que a literatura científica-tecnolóxica está presente e proporlles a lectura voluntaria dalgún libro, como traballo complementario.

### CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Está presente nos obxectivos da área, formando parte do currículo; polo que o uso e fomento das TIC vai implícito nos contidos. Preténdese dotar de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades que van dende o acceso á información ata a transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Se dispoñemos dos medios necesarios, na materias de Tecnoloxías e Tecnoloxía traballarase con:

- Utilización de material gráfico dixitalizado. A Tecnoloxía está cargada de conceptos abstractos e de símbolos. Neste sentido a imaxe e as animacións cobra un valor moi importante nesta materia xa que permite que o alumno se achegue aos conceptos sacándoos do abstracto mediante a súa visualización.
- As simulacións, que son outra ferramenta valiosa que proporcionan representacións interactivas da realidade e que permiten descubrir mediante a manipulación como funcionan distintos fenómenos, operadores, circuitos,... de electricidade, electrónica, mecánica,...

### **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/as no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Durante o curso poderán aparecer actividades tales como:

- Semana da Ciencia. Actividades que propoñan.
- Actividades en colaboración con outros departamentos.
- Charlas e obradoiros que poidan ser de interese para o alumnado.

Debido á situación actual, sempre estaremos condicionados-as pola situación sanitaria deste curso.



## REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Realizarase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

**Mensualmente:** Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

**Ao final de cada trimestre:** Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.

**Ao final do curso:** Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

**BACHARELATO: CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliados, tal e como se recolle nas seguintes táboas para os seguintes cursos. Os obxectivos aparecen descritos no apartado 16 – OBXECTIVOS DO BACHARELATO, nas táboas de cada curso só aparecen as letras correspondentes aos mesmos.

**TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 1. A sociedade da información e o computador</b>				
a d g h i l m p	B1.1. Concepto de sociedade da información.	B1.1. Analizar e valorar as influencias das tecnoloxías da información e da comunicación na transformación da sociedade actual, tanto nos ámbitos da adquisición do coñecemento como nos da produción.	TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento.	CD CCL CSC
	B1.2. O sector das TIC: composición e características.		TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación.	CD CSIEE CSC
<b>Bloque 2. Arquitectura de computadores</b>				
a d g i l	B2.1. Bloques funcionais dun sistema microinformático e compoñentes de cada bloque funcional.	B2.1. Configurar computadores e equipamentos informáticos identificando os subsistemas que os compoñen e relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características.	TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento.	CD CMCCT CCL
	B2.2. Compoñentes dos sistemas microinformáticos.		TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema.	CD CMCCT CCL
	B2.3. Periféricos básicos.		TIC1B2.1.3. Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información.	CD CMCCT CCL
	B2.4. Dispositivos de almacenamento: características e tipos.		TIC1B2.1.4. Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto.	CD CMCCT CCL
	B2.5. Dispositivos de memoria: características e tipos.			

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
